

COMPOSICIÓN DE TEXTO (sobre tema de tipo Filosófico)

Avaliación da composición: 10 puntos {comprensión e explicación da temática do texto: 3 puntos; Desenvolvemento da temática do autor do texto: 5 puntos; Madurez intelectual: 2 puntos}.

OPCIÓN 1

“E ademais, respondeu Cebes interrompéndoo, segundo este argumento, Sócrates, que ti soes son tanta frecuencia repetir, de que o aprender non é senón recordar, resulta tamén, se dito argumento non é falso, que é necesario que nós teñamos aprendido nun tempo anterior o que agora recordamos. Mais isto é imposible, a non ser que existira a nosa alma nalgunha parte antes de chegar a esta figura humana. De sorte que tamén, segundo isto,, parece que a alma é inmortal”.

PLATÓN, *Fedón*, 72.

Comprensión e explicación da temática do texto.

Desenvolve tamén, na composición, a temática seguinte: **a ética platónica: o Ben e a Virtude.**

OPCIÓN 2

2.1. “A doutrina da necesidade filosófica redúcese a isto: que sendo dados os motivos presentes ó espírito, así como o carácter e disposición actual dun individuo, pódese inferir infaliblemente a maneira cómo obrará, e que , se coñecemos a fondo á persoa e todas as influencias a que está sometida, podemos prever a súa conducta con tanta certeza como un acontecemento físico”.

J. STUART MILL, *Sistema de Lóxica*, VI, 2.

Comprensión e explicación da temática do texto.

Desenvolve tamén, na composición, a temática seguinte: **O “principio de utilidade” na Moral de Stuart Mill.**

2.2. “Feuerbach parte do feito da autoalienación relixiosa, do desdoblamento do mundo en dous, un relixioso e outro terreal. A súa tarefa consiste en reducir o mundo relixioso ó seu fundamento terreal. Pero o feito de que o fundamento terreal se separe de si mesmo e se afingue nas nubes como reino independente tan só resulta explicable a partir do desgarramento interno dese fundamento terreal en si mesmo. Faise, pois, necesario non só comprendelo na súa propia contradición, senón tamén sometelo na práctica a unha revolución”.

K. MARX, *XI Teses sobre Feuerbach*, IV.

Comprensión e explicación da temática do texto.

Desenvolve, tamén, na composición, a temática seguinte: **O Materialismo histórico.**

2.3. “A rebelión dos escravos na moral comeza cando o *resentimento* mesmo se volve creador e xera valores: o resentimento daqueles seres a quen lles está vedada a auténtica reacción, a reacción da acción, e que se desquitan unicamente cunha vinganza imaxinaria. Mentres que toda moral nobre nace dun triunfante si dito a si mesmo, a moral dos escravos di non, xa de antemán, a un “fóra”, a un “outro”, a un “non eu”; e ese non é o que constitúe a súa acción creadora. Esta inversión da mirada que restablece valores –este *necesario* volve para fóra en lugar de volve para si- forma parte precisamente do resentimento: para xurdir, a moral dos escravos necesita sempre primeiro dun modo oposto e externo, necesita, falando fisioloxicamente, de estímulos exteriores para poder en absoluto actuar, a súa acción é, de raíz, reacción”.

F. NIETZSCHE, *Genealogía de la moral*, disc. 1ª, 10.

Comprensión e explicación da temática do texto.

Desenvolve tamén, na composición, a temática seguinte: **O Nihilismo en Nietzsche.**

COMPOSICIÓN DE TEXTO (*sobre tema de tipo Filosófico*)

- 2.4. “O verdadeiro método da filosofía sería propiamente este: non dicir nada senón aquilo que se pode dicir; é dicir, as proposicións da ciencia natural –algo, pois, que non ten nada que ver coa filosofía-; e sempre que alguén quixera dicir algo de carácter metafísico, demostrarlle que non deu significado a certos signos nas súas proposicións...

As miñas proposicións son esclarecedoras deste modo; que quen me comprende, acaba de recoñecer que carecen de sentido, sempre que o que comprenda teña saído, a través delas, fóra delas. (Debe, pois, por así dicilo, tirar a escada despois de ter subido).

Debe superar estas proposicións; entón ten a xusta visión do mundo. Do que non se pode falar, mellor é calar”.

L. WITTGENSTEIN, *Tractatus*, 6.523

Comprensión e explicación da temática do texto.

Desenvolve tamén, na composición, a temática seguinte: **Os xogos da linguaxe. A filosofía como xogo lingüístico. A filosofía como actividade terapéutica.**

.....

- 2.5. “O “ser-aí” é un ente que non se limita a poñerse entre outros entes. É, antes ben, un ente onticamente sinalado porque no seu Ser *vaille* este seu Ser. A esta constitución do Ser do “ser-aí”, élle inherente, pois, ter o “Ser-aí”, no seu “Ser relativamente a este seu Ser”, unha “relación de Ser”. E isto á súa vez quere dicir: o “Ser-aí” compréndese no seu Ser, dun modo máis ou menos expreso. A este ente élle peculiar serlle, co seu Ser e polo seu Ser, aberto este a el mesmo. A comprensión do Ser é ela mesma unha “determinación do Ser” do “Ser-aí”. O onticamente sinalado do “Ser-aí” reside en que este é ontolóxico”.

M. HEIDEGGER, *Ser y Tiempo*, 4.

Comprensión e explicación da temática do texto

Desenvolve tamén, na composición, a temática seguinte: **Esquecemento do ser e dominio da técnica.**

.....

- 2.6. “Por acción comunicativa entendo unha interacción simbolicamente mediada. Oriéntase de acordo con normas intersubxectivamente vixentes que definen expectativas recíprocas de comportamento e que teñen que ser recoñecidas, polo menos por dous axentes. As normas sociais veñen urxidas por sancións. O seu sentido obxectívase na comunicación lingüística cotiá. Mentres que a validez das normas sociais só se funda na intersubxectividade do acordo sobre intencións e só vén asegurada polo recoñecemento xeral de obrigacións”.

J. HABERMAS, *Ciencia e Técnica como Ideoloxía*, Tecnos, 68-69.

Comprensión e explicación da temática do texto.

Desenvolve tamén, na composición, a temática seguinte: **Coñecemento e interese: Clases de intereses que, como constantes humanas, condicionan o coñecemento.**

.....

- 2.7 “O primeiro, pois, que ten que facer a filosofía é definir ese dato, definir o que é a “miña vida”, a “nosa vida”, a de cada quen. Vivir é o modo de ser radical: calquera outra cousa e modo de ser atópoa na miña vida, dentro dela, como detalle dela e referido a ela. Nela todo o demais é e é o que sexa para ela, o que sexa como vivido. A ecuación máis abstrusa da matemática, o concepto máis solemne e abstracto da filosofía, o universo mesmo, Deus mesmo son cousas que encontro na miña vida, son cousas que vivo. E o seu ser radical e primario é, por tanto, ese ser vividas por min, e non podo definir o que son en canto vividas se non indago qué é vivir”.

J. ORTEGA Y GASSET, *¿Que é filosofía?*, Lección IX.

Comprensión e explicación da temática do texto.

Desenvolve tamén, na composición, a temática seguinte: **Vitalismo e coñecemento: O Perspectivismo.**

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

1. Con carácter xeral: os que figuran no Dexeño Curricular Base da materia. É necesario destacar, en especial, os seguintes:

a) Analiza-lo contido dos textos filosóficos propostos, con rigor metodolóxico, identificando os problemas, os conceptos e os termos específicos que aparecen, facendo explícita a súa estrutura expositiva (teses, argumentos, e conclusións).

b) Interpretar os textos filosóficos sinalando, por un lado, a relación entre o problema que formula o autor e o contexto teórico e social da época e, por outro, diferenciando as propostas que contén doutras posibles posicións sobre o mesmo tema.

c) Ordenar e situar cronoloxicamente as diversas interpretacións filosóficas estudadas, relacionándoas unhas coas outras, sinalando as súas similitudes e diferencias e recoñecendo a permanencia e a historicidade das propostas filosóficas.

2. Con carácter específico:

a) O alumno, mediante a composición, fará explícita a estrutura do Texto, indicando a **idea**

principal ou tese, os argumentos que a sustentan e as súas conclusións. Sinalará igualmente as **ideas secundarias**, indicará os **conceptos** e **termos** que os denominan co seu significado no texto e mostrará a trascendencia do problema proposto para a comprensión do mundo actual.

b) Mostrará, tamén na composición, o coñecemento da temática do autor e dos seus conceptos básicos, situándoa no conxunto do seu pensamento.

c) Valorarase a capacidade crítica, o rigor conceptual, a coherencia, precisión e claridade expositiva, a orixinalidade da Composición, así como todo o que poida contribuir a mostrar a comprensión dos problemas filosóficos formulados, tanto no texto como na temática suxerida.

3. Avaliación da Composición (ata un máximo de 10 puntos)

1. Comprensión e explicación da temática do texto: 3 puntos.

2. Desenvolvemento da temática do autor do texto: 5 puntos

3. Madurez intelectual: 2 puntos